


Núm. 54

15-6-28

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o—A CRUÑA

ABONAMENTO

| | |
|----------------------------|---------------|
| Doce números, na Península | 6'00 pesetas. |
| Fora da Península | 8'00 |
| Número solto | 0'70 |

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

NOTA

SUMARIO

Poemas, POR XULIO SIGUENZA.

Vicetto ou o romanticismo, POR VICENTE RISCO.

Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.

Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.^o

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X

★ Ourense 15 Xunio 1928

★ Núm. 54

P O E M A S



FOOT-BALL

Anda a brincar polos hermos
a roxa bola do sol,
i-los campadarios da vila
vánse xogar ao foot-ball.

E xa enmallado na rede
da posta da tarde o sol,
o campadario mais outo
berra:

—¡Xa fixen un goal!...

(As ovaciós das esquillas
morren no cespe mol)...

TENNIS

Os pinos abriron oxe
raquetas de seda verde.
Xogan ao tennis,
e perde,
estrelas o que mais perde.

JULIO SIGÜENZA.

Montevideo, 1928.



ARTISTAS ALDEÁNS

IV

O ZOQUEIRO DE PEDRE

Dende neno Señor Manuel, o zoqueiro, dera en facer santos. Santos de vestir, ben entendido, testas e máns de buxo armadas en arcabouzos de paus pintados de azul. A primeira Virxe dos Dolores que fixera a vestira sua nai co pano sedán d'un mantelo vello e ainda estaba posta encol da cómoda, ca lamparifa a arder diante. Os que a viran, d'aquela, gabaran moito a habelencia do zoqueiro e dixeran que, andando o tempo, había de tirarlle o choio o torneiro de Folgoso. Outros andiveran a falar de que Manuel non era home pra facer pernas, nin brazos, e que as caras as sacara d'un libro que mercara na vila. Pero él calou e agardou o seu dia.

Un domingo, na misa, o sancristán saeu c'un peto das ánimas noviño feito pol-o zoqueiro. Todos fixeron soar nas alxibeiras os cartos pra que o sancristán se achegara a eles e poder ollalo ó seu sabor. Pero moitos estaban de ánimas no peto. Armouse un bórebumbio e o peto non volvetti a sair, pero o señor Manuel deprendera o segredo do oficio de santeiro.

Cando facía un santo novo pra calquer parroquia a xente daba en facerlle o comento á cara e a ver n'ela caras coñecidas. Din que o propio Manuel se retratara no Santo Tomé de Pardesoa e que o crego non llo quixera coller.

Agora, cando a sua sona estaba dándolle boos cartos, o crego trouxo de Santiago unha Virxe do Carme. O zoqueiro veu con-

tarme a nova cos ollos embazados. Como un torno de lagar a idea do seu creto perdido dalle voltas nos miotos, i-o feito do crego é unha trabe que preme na bagazo do seu maxín. Ven bêbedo co viño novo d'unha súpeita decisión:

—Iriei pol-a aldeia decindo as mulleres a quen lles morreu algún fillo que o Neno Dios que estou facendo vai ter a cara do seu fillo cando era neno. Diante d'el pedirán por mí...

V

O PERITO

Non hai na aldeia ningúén mais torpe que o perito. Engadella os pés o baixal-as escaideiras, non deixa terra sen tripar cando anda n'unha leira sementada, pega co pé no ar ó arredar os cantullos do camiño. Ó abriles sobreas racha as cartas, non pode coller unha flor sin desfolllala, quedase na man co tarabelo das portas, cando colle unha silla arrincalle o pau de arriba. Entálase co pantigo, vaiselle a auga pol-o respiradeiro, tatexa ó falar. Non oe ben, anda sempre sumido en si, ten o seu criterio; opina.

Non ten cans porque lle estrizan as flores non ten xardín porque llosestrizarán os cans, cando os teña. Non ten arbres porque dan soma, nin millo porque leva duas cavas, nin buxos porque crian caracoles, nin viño porque custa o xufre...

Gústalle o pescado en blanco, fuxé dos purés, e do pan rallado, e das frituras; non toma nunca chiculate.

Érguese cedo pra aproveitar tempo e dei-tase axiña pra afollar Iús. Non quer ser rico por non ter preocupacións co diñeiro; nin gasta o diñeiro, por non quedar probe.

Na sua casa, de ecos como un portal de convento, o perito garda grandes mobles, valdeiros, feitos de castaño, pra toda a eternidá. Un pô nugallán, de arquivo, asenta nos platos do vasar e nas mazáns da despensa. No vrán espertase-a casa ca zundá dos moscóns que monean contra as vidrazas pechadas; no inverno ledicianse os pisos co pingar maino das goteiras.

Todos coidan na aldeia que o perito, avaro e pescador de cana, matou pra sempre os moscóns da sua i-alma e ten ben retellado o seu espírito contra toda auga, boa e san, do outo. Pero eu penso que non: inventade unha hestoria e facede de este home vulgar un artista, segredo de aldeia.

VI

A MULLER DO CEGO

Sobre as ondas do mercado, érguese a vela do cartel do cego. No balbordo crecente das falas, oise teimosamente o violín que, como unha buguina, chama de lonxe. Por él se hourentan os que van chegando. As pate-las, os panos roxos e vermellos, as puchas negras siguen unha corrente deixa o relan-zo onde está o cego.

O pau con que a muller marca os momen-tos da hestoria é a única agulla no relós do cartel. A xente párase a ollar que hora é. Falta un cadro pra o crime. Quédase.

¿Qué hora é? O punteiro bate no cartel. O golpe soa como o tiro do criminal, ou como o chamar da xente na casa da morte, ou como o machado do buxeo.

A muller do cego pregoa a hestoria ca vos con que pregan os frades pol-a i-alma dos que van a axusticiar, i-as moedas ó cairen no platiño teñen un soido arrufante.


A hestoria, de tan certeira, fai pensar que a muller do cego ou foi criminal ou vítima do crime. E no silenzo, un silenzo longo, que contan as bateladas do punteiro, a xente olla alucinada á sua cara e as caras do cartel.

Estas bateladas, a soar, con teimosia—can-tar agoireiro de moucho—nos ouvidos da xente devalarán á noite, xiando as conver-sas, pol-as mais estreitas fendas da i-alma. Un vedreiro contará outro crime, un crime inventado no desacougo da lembranza. O pintor maxinará un novo cartel, i-o pasante pórarse a inventar outro romance.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE



Noivados



A mociña fia
as estrigas brancas,
fia noite e dia.


Fia liño d'ouro
ou fia a esperanza
dun miniño louro?

Lenços de noivado!
amor non espera, i a mociña fia... fia...
fia noite e dia,
e non dá fiado.




A velliña fia
as estrigas brancas,
fia noite e dia.


Fia por deleve
seu cabelo branco
ou só fia neve?




Lenços de noivado!
a morte ten presa; i a velliña fia... fia...
fia noite e dia,
e non dá fiado.




VICTORIANO TAIBO





“O ADRO”

(Buxo), por L. Pintos Fonseca.



VICETTO UO O ROMANTISMO

III

O PRECURSOR

En 1856 déronlle a Vicetto a dirección de *El Clamor de Galicia* xornal no que, asegún Carré Aldao, fai a sua aparición oficial o rexionalismo galego. Non hai dúbida que Galiza era n-aquél tempo un fervedeiro romántico d'ideias, de xestos e d'estrevements. O que xa semella qu'estamos todos d'acordo en chamarmos *o berro de Faraldo*, o gran clarividente, en 1843, abriu pr'a nosa Terra unha das millores épocas da sua vida espiritual. Pode qu'os froitos de todo aquéllo non foran abondosos, mais o certo é que pasma o fondo revolismo das concencias, a forte vitalidade que d'aquela se puxo en xogo, os certeiros siñás d'un alborexar que parecía que íba avanzar moito mais apresa. A Terra Galega tremía d'espranza, axitada do mozo pulo romántico.

Aquel ano de 1856, foi o banquete de Conxo, d'obreiros e estudiantes, no que tan importante rol xogaran Pondal e Aguirre. O mesmo ano apareceu en Vigo o xornal *La Oliva*. Antremedias da labarada liberal e romántica, da ventoleira das ideias novas, a concencia galega espertaba un pouco asombrada de si mesma, sen estreverse ainda á repetil-a franqueza de Faraldo, cuias verbas non diefan, mais con seguranza sintian todos aquiles homes da pirmeira Era dos Precursors. Cecais Vicetto foi o que mais lonxe foi nas suas afirmazas, e por iso foi n-aquiles anos, despois da deserción de Faraldo, o mais Precursor dos Precursores. O seu istinto chegaba moi fondo pra que non vise o que había que ver. Cantas das cousas que hoxe dicimos nós, nonas dixo xa Vicetto n-aquél tempo! Vicetto sinteu moi adentro do peito o *pathos* étnico, soberbio do celtismo, que fai dos galegos un pobo racialmente arredado na Península; e sinteu o aldraxe da desfigurazón da nosa historia polos historiadores hespañoles, que seme-

llan afanados por nos tiraren todolos outros aldraxes qu'eran o pago que recibía o qu'il irónicamente chama «antiguo y fidelísimo Reino de Galicia» coma n-aquelas verbas que reproduz de D. Xosé Alonso López, «de los primeros para las fatigas y contribuciones, y los últimos para el premio y consideración del gobierno;» e sinteu toda a tristura da historia de Galiza dend'os Reis Católicos; e sinteu a vergonza da sumisión resifada dos galegos, que fai que: «En Galicia, para prevalecer, para sinificarse en algo, es preciso no ser hijo del territorio. Nótense bien que los que *hombrean*, los que significan en las poblaciones como *dioses locales*, son personas estrafas, advenedizas, de oscuros antecedentes pero de osadas aspiraciones.» E Vicetto sintía todo apaixonadamente, polo qual, foi nacionalista *avant le mot* no sentimento e ainda na expresión, porque moitas vegadas si non se manifesta com'un nacionalista do porvir, é polo menos un nacionalista do pasado. Soñaba cecais na historia o que se non estrevia a agardar pra mañán.

Coma s'iba estrever, se Vicetto, ó mesmo tempo era un pesimista! Mais emporiso, por entón iballe ben. Despois do trunfo da segunda edición de *Los Hidalgos de Monforte*, recibiu un ascenso, e nomeárono comandante do presidio de Alcalá.

Alá foi cos seus soños e a sua saudade, á prosegui-a sua existenza inqueda e sen acougo de pequeno empregado, a meio camiño antr'a bohemia e o filisteísmo. Porque polo visto, Vicetto era un *celoso funcionario*: asegún Fort Roldán, os seus familiares conservan un exemplar do Regramento de Prisiós anotado da sua man, artigo por artigo. Pasma un pouco n-unha natureza tan exaltada e rebelde iste detalle de exactitude oficial, n-un tempo en que estas cousas non tiñan a estimaña dos homes d'esprito, como a teñen hoxe.

Os biógrafos de Vicetto falan logo, co-a adoitada vaguedade, co tradicional desprezo da precisión histórica, da «bohemia literaria

que en Madrid s'entretiña en ruadas nocturnas con namorouzos na rúa de Sevilla, entregue a unha simples frivolidade, enzoufándose en corpo e alma, e os dôres, torturas, angurias e feridas qu'atromentaron á aquela mocedad, apoñen a tristeira opinión que Vicetto colleu da muller e que se manifesta en case todal-as novelas contemporáneas, ocasionando en todos certa decadencia moral e intelectual, e chegan a supor que Vicetto se non podeu ceibar d'aquela obsesión.¹ E din que d'iste novo episodio xurdíu *Magdalena*, historia que pubricou en *El Jévoru* de Badajoz, en 1857. Unha nova aventura de Víctor Basbén.

Doido, mais que do infortunio amoroso, da punxente saudade, sen familiares nin amigos, pechouse no presidio, e pasou un ano isolado, escribindo arreo e coa y-alma posta no seu amor mais fondo e duradoiro; a Galiza ausente que loitaba nas angurias do esperimento. N-aquil tristeiro acougo, na veciñanza dos probes presos metidos na cadea, veciñanza simbólica n-istes instantes, o maximativo vividor da historia que dera o clamor a fórmula inesquecible: *Deus fratresque Gallaeciae*, sigreu fidel ó seu deber de Precursor, deitando ólio na lampada acea de Faraldo. Porque así com'iste desertou levado do desengano tráxico de 1846, Vicetto non deixou un instante o seu posto, na loita pol-a Terra e pol-a Liberdade; e non desertou cecais porque o desengano que xa de nacencia levaba na y-alma, fixera d'il un idealista, un home d'ises que pensan que compre loitar pol-a xustiza anque se pense qu'a xustiza endexamais ha ser realizada no mundo. Lembrome de ter lido nalgún lado que un home ditoso, ou que precure a felicidade, non pode chegar a ser idealista; o idealismo nasce na y-alma cando a esperanza da dita esmoreceu de todo e pra sempre... Iste debía ser o pensar de Vicetto, metido no presidio, isolado do mundo pol-a sua vontade, en situazón non mais ruín qu'a dos presos, pro se cadra mais tristeira: a de carcelero, pois ten que ser ben mouro pra quem tanto ama a liberdade, termar de qu'outros homes non poidan acadal-a sua.

Tamén a ausencia de Galiza era pra Vicetto unha sorte de cadea, de sorte que cando

NÓS

tivo vacante na Cruña, aló voltou, e foi no ano 1859. Entón pubricou os traballos que tiña feitos e que anticipan a *Historia de Galicia*. O seu idealismo de Precursor buscaba achego no pasado, nos tempos de liberdade da Patria, e asina deu *Los Reyes suevos de Galicia* (1), *Las crónicas galaicas* (2), *El lago de la Limia* (3). Iste derradeiro libro era xa coñecido en 1857, e n-aquil tempo, Murguía e mais Vicetto eran amigos, pois Murguía fai do *Lago* unha entusiasta loubanza. N-estas obras aparez xa Vicetto iníndulo e desesprado.

Foi director d'outro xornal, *El Diario*, que editaba Castor Miguez, e principiou a *Historia de Galicia*. Cando surtiron os primeiros quadernos, déronlle un xantar na fonda d'Inocencio, con discursos en prosa e en verso. N-esta tempada surtiu tamén o *Víctor Basbén* e unha das edizóns de *El último Roade*. (4)

IV

B A S B L E U S

Vicetto, con seguranza, era un soberbo, e coma soberbo, era independente. Hai moitos que califican de soberbia a dinidade. Vicetto debía todo o qu'era ó seu esforzo, ó seu traballo; nin a vida nin os homes o favoreceran en ningunha cousa: il deprendera todo pol-a sua conta e soupera chegar moi outo no mundo das letras. Era un dos millores e dos mais leídos escritores do seu tempo, e tiña conciencia do valor da intelectualidade, que d'aquela ademais, valía moito mais do que hoxe val. Tiña dereito a despreciar a moitos, e non deixou d'exercitar aquil dereito. Era alteiroso e gostaba de manterse isolado e senlleiro com'un menhir, un menhir que sinalara o camiño verdadeiro, qu'il era un dos poucos a amostrar.

Ora, d'aquela, había en Galiza mais que

(1) *Biblioteca popular de Galicia, Los Reyes suevos de Galicia* (2 vols.) Craña, imprensa Castor Miguez, 1860.

(2) Escrita en Alcalá en 1858 segun Fort Roldán, publicadas en varios xornais e por fin en Madrid, 1861.

(3) Publizada na imprensa de Castor Miguez, na Cruña en 1861 en tres volumes. Hai outra edición do Ferrol, 1872.

(4) Vicetto consideraba esta novela com'a mellor das súas obras. Publicouse oito veces, en 1857, 1859, 1860, 1861, 1862 (duas vegadas), 1864 e 1867, mais moitas d'elas en xornais.

Precursors. Había corazós sensíbeles. Antristes corazós, fagulianse notar duas mulleiras: unha era a xa citada Xuana de Vega, Condesa viuda de Mina, ex-aia da Raiña Isabel II; a outra era Concepción Arenal. Dous corazós derretidos en filantropía...

Non é doado—por mais que pretendan tela feita—faguel-a semblanza da Condesa de Mina. No tremendo volume (1.635 páxinas de leitura) das *Memorias* deixadas por ela ó Congreso dos Diputados e mandadas publicar por Canalejas en 1910, hai un retrato qu'a repersenta no seu retiro: unha dona de meia idade, narís longo, grandes ollos e grande bico tristeiros, penteada en cocas, co cóbedo dereito apoiado n'unha mesa ou coluna e o dedo índice espetado debaixo da orella; a outra man cai riba da faldra e miriñaque sostendo un pano branco; ten no peito un camafeu, e do pescozo colga unha cadea que sostén os antellos. Sabemos d'esta dona moitas cousas: sabemos que no seu retiro adicouse á caridade e mais á politeca... Sabemos da sua correspondenza con Don Ramón de la Cuadra, na que non deixa de falar d'eleccións, con Quintana, con Mendiábal, con Olózaga; sospeitase si estaba afiliada á Francmasonería d'adopción do Rito Escocés antigo e aceptado; o xeneral Villalonga afirmou que na sua casa foi onde se tramo a revolución galega do 1846; sabemos dos seus escritos, das suas fundaciós, das suas recomendacións a favor do pobo e da xente da Cruña... Personalidade forte, temperamento inquieto, ativo, talento fondo, anque difuso, moi amiga d'escribir e d'escribir longo, enerxía tranquia, gozo do poder e da infuencia... Como debiu cintilar na sociedade cruenesa d'aquel tempo, iste astro desprendido da costelazón paacenga da Corte dos Reis!

Moi imitante á ela en moitas cousas resulta Concepción Arenal. Mais talento e mais ensoñío, pro o mesmo temperamento bulideiro, a mesma enerxica tendenza á realización, o mesmo gusto polémico, o mesmo longo desenrolo do pensamento en abondosa prosa diluida e sen fin... Somentes, Concepción Arenal se non intresaba pol-a politeca. Era unha testa moi asisada e moi serea. A sua aitividade púbrica principiara pol-o 1855.

Cando foi visitadora do Carce da Cruña, xuntouse co-a de Espoz y Mina, e xuntas fundaron o Patronato pr'a visita e ensinio das presas. E iban á cadea e dábanlle confrencias.

D'aquela, o celoso funcionario que Vicetto levaba dentro do corpo, revoltouse. Non era il o encarregado oficialmente d'aquelas funcións? Porqué, logo, viñan aquelas señoras meter o narís nos seus asuntos? Que llíban elas ensinar a il d'aquelas cousas? A sua dinidade—outros dirán a sua soberbia—sinteuse ferida, e fixo porque as señoras aquellas se decataran d'elo. E disgustouse co-a Condesa de Mina, a quen en 1855 adicara o *Rojín Rojal*. Tamén a Condesa s'amuou pr'o comentador do Regramento de Prisiós.

E viñeron os Xogos Froraes de 1861, os primeiros celebrados na Galiza, e que deron orixe ó tan soado *Album de la Caridad*. A idea e parte da orgaización foron de Vicetto; quen os pagou foi un filántropo: D. Xosé López Cortón. Os Xogos Froraes chegaron co tempo a ser unha das grandes calamidás galegas, un modo de convirtir a poesía en número de festexos. Intimamente unidos ó felibrismo, no que xa non son tampouco o que foron no tempo dos cabaleiros-poetas da Provenza medieval que Nietzsche tanto admirou, tiñan ali ó menos, tradición; antre nós non podían coallar coma cousa boa.

Vicetto, qu'era tamén un poeta, presentou no certame a balada *Al enamorado Macías*, pr'a qu'il agardaba o millor premeo; déron-llo o primeiro accessit. O desengano foi punxente. Il que puxera n-aquela festa todo o seu antusiasmo e todal-as espranzas, atopábase agora tratado con inxustiza... Non collía dúbida: as culpas eran da Condesa de Mina. A Condesa, qu'en todo se metía, qu'en todo entendía, que todo quería gobernar, metérase tamén n-aquello, vingárarse do xefe da cadea, a quen proian os entrometimentos das visitadoras... ó menos así lle parecía a Vicetto. E de novo expatriouse.

En 1862, o ano da pubricación do *Album*, marchou pra se encarregare da comandancia do Penal de Toledo, e d'all siguiu errante, de cadea en cadea, primeiro pra Ceuta, de Ceuta pra Granada, e de Granada pra Barcelona, de novo co-a cruz da saudade ás

costas, cada día mais ergueito no seu desdén, cada día mais alonxado da xente, cada día creendose menos comprendido. En Granada pubricou en 1863 *El angel de mi amor* libro de versos, e en Barcelona escribeu *Nostalgia* poema cheo de sentimento da ausencia.

De Barcelona foi pr'o presidio do Canal de Isabel II mais por fin, en Xaneiro de 1864, renunciou e voltou pr'a Cruña.

V

A HISTORIA DE GALICIA

En 1864 foi Vicetto pra Ferrol falar co soado editor Nicasio Taxonera pra seguir co-a *História de Galicia*, emprincipiada en 1857, na cás de Castor Miguez, e detida no segundo volume.

Pásmase Fort Roldán cando diz que Vicetto, cando escomenzou a escribil-a *História*, non tiña na sua mesa d'escriptorio mais que os eixemprares das suas novelas e recortes de xornais. Non é pasmoso s'un ten en conta, por unha beira, o que é a historia romántica, e pol-a outra o conceito que da historia tiña Vicetto. Na historia romántica, trátase mais que nada, de vivil-a história, d'entrar na y-alma dos templos; pr'o historiador romántico, o documento non é unha fonte de datos precisos, senón d'intuicións d'ambiente, non hai que ver o que o documento di, senón o qu'evoca. A historia non se fai nos arquivos, senón despox de surtir dos arquivos, ond'un vai solagarse no ambiente do tempo. Documentos, restos arqueolóxicos, son algo mais do qu'os historiadores correntes poden ver n'iles; teñen unha ultrasinificación pr'os intuitivos, a quen poñen en contauto imediatamente co-a época en que foron feitos. Compre leer todo, ver todo o que se poida, do qu'a época qu'un vai estudar produciu; mais a historia non é un corcusido de datos collidos d'esta fonte e de tal outra; é o sentimento da corrente vital nas suas modalidades tanto más varias, acusadas e distintas. D'iste xeito procedeu Chateaubriand; d'iste xeito procederon Thierry e Michelet. E ainda novamente vólvese á iste xeito de consideral-a historia: se non trata d'estudala por afora, senón

vivila (*erleben*). Ademais hoxe os feitos, os produtos culturais, aprécianse coma símbolos; a historia é físignómica.

Cando Murguía dí da *História* de Vicetto o que dí na nota à páxina 250 dos *Precursos*: «Nada digo da *História de Galicia* porque é unha das probas mais patentes da decadencia intelectual do autor... Non coñezo libro mais triste, nin que m'impresionara mais penosamente. Non atina un a s'espriar coma foi posíbel qu'a sua publicación fora mais alá dos primeiros quadernos...» debera ter en conta o Patriarca que Vicetto inauguruou—anque fora con pouca sorte—un xeito de faguel-a historia que logo il mesmo había seguir tamén. Efeitivamente, enantes, a cencia histórica en Galiza non coñecía mais que duas maneiras: a historia a base de falsos crónicos (P. Sotelo, Huerta) ou a historia erudita (Sarmiento, Verea e Aguiar) a historia sen crítica, que recolle as notizas a eito en calesquera caste de fontes, sen depuralas, dando á todas a mesma fé, ou aceitando somentes as favorábeis pra erguer o nome de Galiza, ou a historia moitas vegadas hiperkritica, que se detén a discutir cada punto c'un aparato d'erudizón nos mais dos casos mais pesado do qu'eficaz. Contristes dous xeitos de faguel-a historia sen alma, Vicetto inaugura a historia vivente e vivida do romanticismo.

Mais fora d'esto, Vicetto tiña ideias particulares en col da historia. No prólogo e mais en diferentes lugares da sua obra, esprika cal é o seu conceito do labor histórico: fai notar que o qu'il se propón non é faguer história arqueolóxica nin erudita; n-iste senso il comprende perfeitamente ben o mérito grande da obra de Verea e Aguiar, que efectivamente foi o millor que se fixo en historia de Galiza antes de Murguía. Tampouco se propón faguer historia filosófica nin crítica, senón simplesmente historia *narrativa*: «narración correlativa e cronolóxica dos acontecimentos prósperos ou adversos que constituiron a vida d'un pobo.» D'iste xeito é coma il quer faguel-a historia «do primeiro pobo da Europa, pois dend'os seus últimos ventisqueiros xurdíu a raza mais dominante, e nos seus últimos ventisqueiros consolidouse a doutrina social mais humanamente di-

viña.» Crer'está qu'esto non é orixinal: ond'está a orixinalidade de Vicetto antr'os historiadores modernos é na sua maneira de tratar a historia primitiva. Vicetto tira de Varrón a noción dos tres períodos da historia de cada pobo: *Adelón*, noite da historia, dend'o Dioibo universal ata o particular de Deucalión e Pirra; *Míteco*, dend'entón á primeira Olimpiada e fundación de Roma; *Histórico* dend'entón ós nosos días. Ó período *Adelón* aprica, tirando as notizas de Flavio Xosefo e de Florián de Ocampo, o procedemento que dín empregado no capitulo X do Xénesis, onde cada nome de patriarca representa non unha persoa, senón un pobo ou unha tribu: «Persoical-as ideias e as razas que existiron por medio de individualidades é o noso plán; pois ninguén dubitará, asegún a filosofía moderna, qu'as ideias encarnan e que as situazós persoifican, vigorizándose mais e mais baixo a acción dos incidentes que condensan ou sintetizan.» Iste procedemento, que chamaremos *míteco*, nonos parece hoxe serio, e empregado cos detalles novelescos que lle pon Vicetto, fainos tirás vegadas; mais, áchanse moi lonxe d'il a teoría da misión histórica dos pobos, ou as correntes expresións de moitos historiadores, cando dín que Alexandre Magno, César e Napoleón representan o ideal de monarquía universal?

Si é certo que Vicetto non consigueu facer da historia de Galiza nin unha historia nin un poema, nela, antremedias da fara-malla de datos incertos, d'interpretacións arbitrarias, de porfias inúteis, d'anacronismos e d'absurdos, o lambo do xenio cintila moitas vegadas con crarfísma luz. Ten verdadeiros achádegos, adivinacións estraordinarias, lóstregos de videnza: a persistente división da Galiza Lucense e da Galiza Bracarense, qu'espresa o arredamento de Portugal; o rol do celtismo; o rol do elemento suevo por frente do elemento visigodo nas revoltas de Galiza nos primeiros tempos da monarquía astur-leonesa; a consideración de Galiza como núcleo de Reconquista, que os historiadores castelao trataron de cote de desfigurar aprol d'Asturias; a sinificación da guerra das Irmandades; a da Xunta do Reino; o asoballamento de Galiza baixo a mo-

narquia absoluta, son outras tantas videnzas do gran novelista.

O qual tiña unha intuición histórica de pirmeiro orde, anque lle nocera a sua pouca e desordeada cultura. Moitas das suas descobertas agardan ainda seren aproveitadas con axuda dos métodos modernos. E ademais, foi o único que tivo alentos pra leval-a obra dend'o principio ó fin.

VI

A DESCOBERTA D'UN NOVO DEUS

«Que é Deus?—Deus é todo espírito: n'unha soila entidade, sen igual e sen maior, increada e criadora, infinita e eterna, omnipotente en fin!»

«E ond'está Deus?»

«Deus reside en todal-as partes; sempre foi, sempre é e sempre ha ser.»

.....
«Logo, que é Deus pra nós?»

«O Tempo, o espírito do Tempo.»

«Deus é a divindade Tempo;—esa entidade que sempre foi, *atinda no caos*; iso que sempre é; e iso que sempre ha ser, anque todo s'aniquile.»

.....
«Non hai poder igual ou superior ó do tempo... Non hai divindade com'a sua divindade, imortalidade com'a sua imortalidade; eternidade com'a sua eternidade... existencia com'a sua existencia... Non podemos pensar sen il; sentir sen il; chorar sen il; sorrir sen il...»

«Pode haber excelencia superior á do tempo? Ningunha, porque se non pode concebir ren anterior a il...» A entidade Tempo... nin tivo, nin ten, nin terá edade... o Tempo é a Eternidade... Todo canto existe no istante ou tempo é creado... mais como coller ou disipal-o espírito-istante?... O Tempo é Incriado... Todo ser que traballe física ou intelectualmente, conta co tempo e con tempo... O Tempo é Omnipotente... Canto nasce, vive e sinte na creación, nasce, vive e sinte no tempo... o tempo é Criador.» (1)

(1) *Historia de Galicia*, vol. II, Ferrol (Taxonera) 1866, páginas 226 e seguintes.

D'iste xeito, examinando un por un todos os atributos da divindade, atopanse todos istes atributos na ideia do tempo, e sendo esto asía,—supondo qu'o tempo seña unha sustanza—o tempo identifícase co-a sustanza divina; e como a sustanza divina case somentes coñecemos unha definición negativa, resulta que o Tempo é a ideia positiva de Deus. O Tempo ven ser Deus feito case sensíbele, sobretodo pr'a supersensibilidade d'un historiador, xa que a historia é unha plasmazón do Tempo.

Iste Deus non é inteiramente novo; os persoas do tempo dos Sasánidas eran n'il e chamábanlle *Zrowan Akarana*, do qual xurdiran Ormuzd e Ahrimán. Vicetto, mais que com'un cristiano ortodoxo, aparecia eiqui com'unha reincarnación de Zoroastro...

En col da nova teoloxía, consultou un amigo filósofo, que tiña publicado un tratado de *Cronoloxía*. O especialista respondeulle que o tempo era a *sucesión regular dos instantes*.

—Ben—repreiou Vicetto—mais, que son os instantes?

O cronólogo tivo que calar. E Vicetto pensou: «O tempo é a sucesión dos instantes; o instante é a parte mais breve do tempo: *Momentum temporis punctum*. Achámonos n'un circo vicioso...» Ademais, dín: Deus está en todas partes; o que está en todas partes é o Instante, eternidade tanxible e intanxible do Tempo; Instante, Tempo, Eternidade son tres aspectos da duración sen comenza nem cabio que se identifican no qu'os filósofos chaman *tempo imaxinario*. Iste tempo foi o que se revelou a Vicetto no seu Sinai, e iste tempo é o que é Deus...

Se chega a ser no Norte, nos tan acreditados U. S. of A. non vexo porque Vicetto non había ter adeptos e ata fanáticos, coma Joseph Smith ou Mary Eddie. Na Galiza de 1866, atopouse soilo, e entregue ó ollo aberto dos beatos, de cote dispostos a darlle importancia ó que nona ten. Un d'iles denunciou o libro ó Bispo de Mondoñedo, que era D. Ponciano de Arciniega n'aquel tempo. O Bispo escribeu a Vicetto unha carta moi atenta o 8 de Xaneiro de 1876, propónolle recoller ou reformular a entrega ond'iba a *teoría do Tempo*. O historiador respondeu

defendendo a sua tese, e o bispo non lle deu mais tino. Mais logo, alguén incirrou no Cardeal Payá pra qu'intervira no conto, e o Arcebispo, querendo ir tamén pol-as boas, escribeu o 8 d'Abrel do mesmo ano, pregando a Vicetto que suprimira da sua obra as páxinas 233 a 244, xa que contiñan somentes un episodio doutrinal que non tiña que ver co-a Historia de Galiza.

Ó mesmo tempo os xornais da dereita atacában furiosamente, sobre todo «La Lealtad» apónolle o ser panteísta a sua doutrina. Sen dúbida qu'o tiñan pouco menos que coma representante d'aquela causa tremenda e descoñecida que por moito tempo se chamou *filosofía alemana*, e que puña a algúns xente tanto medo comalgún tempo despois a *música alemana*... Vicetto defendeuse nas llanas de *El Brigantino*, e ó recibir a carta de Payá, colleu un número d'iste xornal, e mandoulle c'unha carta. O Cardeal discutiulle a causa doutrinalmente n'outra longa epístola. Os argumentos do Arcebispo están cheos de bó senso e asisada filosofía: faille notar que se non pode confundir a ideia do tempo, que é eterna, co tempo mesmo, realización d'aquela ideia, cuia realización non comenza ata que emprincipian a existil-as cousas criadas; nin o tempo que é un atributo das cousas suxetas á mutación, co-a eternidade que é un atributo de Deus que é inmutábel; que se non pode considerar a eternidade coma condición de toda existencia, porque entón toda existencia sería eterna; que si nos 161 lugares da Sagrada Escritura en que se fala do tempo, se pón en lugar de tempo, Deus, resultan absurdos.

Non convenceron a Vicetto estas razóns tan craras. Antes ben, quixo il convencer ó Arcebispo. A doutrina espota no *Brigantino* é se cadra ainda mais curiosa:

Deus fixo o home á sua imaxe e semellanza. O home compónese de tres cousas: carne, sangue e espírito. Deus compónese de tres cousas: espazo, éter e tempo. A unión da carne e o espírito é o sangue. A unión do espazo e o tempo é o éter. O espazo é a imensa capacidade en que todo se move. O éter é o sangue impalpábel de Deus que todo o penetra e a todo dá vida. O tempo é

o espírito, onde istante, tempo, eternidade son sinónimos.

Vicetto publicou as cartas todas en *El Diario Ferrolano* e en apéndice ó volume III da *Historia*. Pedíronlle entón unha retractazón cumprida, o 22 de Sant'Iago, e Vicetto negouse en redondo. Convertido nun contumaz herexe pola xenreira dos seus nemigos, o Gobernador da Cruña ordeou suspender a publicación da *Historia de Galicia*, e recoller os eixemprares que tiña Taxonera. O probe Taxonera víuse no gran apreto: fixera gastos, os suscritores reclamaban, aquello era unha desfeita. D'aquela acordaron ir os dous a Santiago pra suplicar ó Arcebispo. O Arcebispo recibeunos e Taxonera espuxo as suas razós, leuulle unha aclaración en col das teorías de Vicetto pra publicar ó frente do IV volume; mais o Cardeal sigueu pedindo a retractazón. Insistiu Vicetto en falar do Tempo, e entón o Cardeal dixolle:

—Si o seu Deus é o tempo, eu cúspolle a ise Deus!

Vicetto ergueuse solenemente e repuxo coa tranquilidade do xusto:

—Pois ben, Señor; a ise Deus apelo pra

que me faga xustiza; a ise Deus, o Templo

E fórse. Un ano despois, chegou a Revolución de Setembre, e Vicetto puido seguir co-a sua *Historia*. O vello Chronos deulle ainda iste trunfo ó seu profeta.

Cunha audacia filosófica tremenda, na adicatoria da *Historia de Galicia* á Posteridade, e na *Revista Galaica*, Vicetto sostivo o seu sistema teolóxico, refutando á Platón, á Aristóteles, á San Agustín, á Leibnitz, á Kant, á Krause e á Balmes. A Kant trátao c'un desprezo que ten moiito chiste; en troques a ideia kantiana do tempo está ben reproducida: «o tempo non é ren en sí mesmo, nin tampouco inherente ás cousas: é unha condición subxetiva da intuición, unha forma interior por medio da qual os fenómenos preséntanse coma sucesivos.» Anque estas verbas as collera d'outro calquer comentador de Kant, o soilo feito d'escollellas proba que Vicetto comprendeu a teoría kantiana do tempo. Contradiccions d'aquil espirito apaixoados, que de cote andivo antr'a luz e as trebas, antr'o erro e a verdade,

VICENTE RISCO.

(Continuárse)



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

Número IV


OUTEIRO DE PAZOS

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello de Cartelle e freguesia de Espiñoso. Alcóntrase no cume de un monte que pertence ós lugares de Aulfe e Pazos i-equidistante de iles uns 400 metros.

Pol-o pé de iste monte e na banda do sul corre o río Arnoia i-está afastado pouco mais de 2 kilómetros da estrada de Ourense a Celanova.

DEFENSAS. — O monte onde se asenta o castro, ten as alas ben pinas e outas por todos os aires, agás pol-o leste, mais por ista beira, a flebeza natural remediuouse coa construción de un foso, que ten oxe 65 metros de

que o coroan, áchanse os terreos aplainados, e pol-o oeste e pol-o sul, óllanse uns ó xeito de pequenos terrapréns que case se confunden co debalo natural.



CASTRO DE TRELLE (p.d.v. 64).


MENSURAS. — De xeito ovalado mede:

Do norte ó sul . . . 102 metros.
Do leste ó oeste . . . 69 metros.

OBSERVAZÓNS. — O outeiro de Pazos, alcóntránse inzado de alicerces de casas, que eran asegún o que poímos reparar nunha apurada escavazón, pequenas e feitas con cachote de grandor cativo.

Istes alicerces, aparecen mais bastos que en ningures, nas alas, principalmente na ala do sul, onde as habitazóns encolgadas na costa pina de aquela banda, baixaban deixar bicar as augas da Arnoia, que ali mesmo debía estar atravesada outrora por unhas polodras de cuia cimentación quedan ainda vestixios.

As téguas e os imbrices atopápanse fartamente en toda a área edificada i-entre elas achamos, algúns testos de cerámica à man, lisa e de tipo nidiamente castrexo.



OUTEIRO DE PAZOS

longo por 7 de ancho, e de un parapeto do que quedan fortes vestixios.

No resto do outeiro e arredor das penedias

Pol-o conxunto de istes carraíres débese clasificar o Outeiro de Pazos entre os castros romanizados, mais conven facer notar que as casas e as tégulas parecen de prefe-



OUTEIRO DE VIDEIROS OU DE DONIZ (páx. 64).

renza fora do recinto fortificado, indicando que se costruiran n-un tempo en que os fosos e aterros eran xa inecesarios, i-en que o castro teria xa perdido o seu carraíre guebreiro adequirindo ea troques o mais pacífico de *villa*.

E ista derivanza sinálase ainda mais craramente se reparamos nas denominazóns dos dous lugares que oxe aproveitan os pastos e os esquilmos no Outeiro: Aulfe e Pazos, saído iste de *Palatum*, nome da *villa urbana* residencia do señor e aquil de Ataulfo, nome de un dono seguramente nos anos da repoboazón de Odoario (véxase a este respecto, Alberto Sampaio, «As villas do Norte de Portugal» *Portugalía*, vol. I, fasc., 3.º páx. 288) onde a derivanza Adaufe-Ataulfo aparez xustificada pol-a diplomática e de cuio dono quedan, como imos ver lembranzas folklóricas.

FOLKLORE.—«No Outeiro de Pazos houbo tres reis, un de illes chamado Ataulfo, que

deixaron depositados os seus tesouros n-unha cova que hai na entrada pol-a banda do norte. Cando un de istes reis marchaba laiándose de deixar ali as suas riquezas, outro rei díolle—Non te queixes hom que eu tamén deixei no sitio o meu haber.»

Iste relato que debemos a un veciño de Espiñosa, tén aspeito de ser un anaco de outro mais longo, do que o noso informador non-os soupo dar notiza.

* * *

«Hai poucos anos un párroco de Espiñosa xuntou os veciños e díollese querían ir todos, a desatuar o haber do Outeiro de Pazos. Dixeron que si os veciños e o crego preparou pan trigo e viño pra lles dar, mais o mesmo dia en que se ían pôr ó traballo, enfermou e morreu deseguida.»

O caso é rigurosamente certo, mais todolos que nol-o referiron apuxeron a morte do abade ó poder máxico que garda o tesouro.

* * *

«Os tesouros están onde dito queda, e o primeiro que se atopa é un becerro que imita ser de ouro, e compre ter moito tino e non lle tocar pois si se fai o becerro que é de alquitrán arma un grande volcán de lume.

«Asegún o libro pra coller o tesouro convén ir c-un crego e andar con tino co que se dí ó entrar na cova, pois se ó ouvir o estron-



A RODELIÑA (páx. 65).

do que n-aquil intre searma, algún di ¡Xesus! arde todo.

BIBLIOGRAFÍA. Inédito.

(Catalogado por Alvaro de las Casas, Leuter González Salgado e Florentino L. Cuevillas.)

Número V


A PENEDA DA LEBRE

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de Ourense, concello e freguesia da Merca, e a 500 metros de iste lugar cara ó leste.

Está no espolón dominante do monte púbrico, chamado Paradela, espolón en que remata o monte pol-o nacente.

O seu horizonte é cativo, batendo logo o ollar no Outeiro de San Marcos e con outros cumes que arrodean unha estreita gándara, e onde se asentan como logo imos ver dous novos castros.

DEFENSAS. — Tén dous recintos concéntricos, cinguidos por terraprens, medindo o do recinto superior 10 metros de outo e 7 o do inferior. Pol-o norte e pol-o leste, o límite de iste derradeiro, determinase maamente, sobor de todo pol-o norte en que se confunde coa aba do monte que cai por riba da vereda que vai da Merca á Mezquita. En troques, pol-o sul e pol-o oeste, conservanse ainda vestixios de un parapeto de terra.



PENEDA DE LEBRE

MENSURAS. — De xeito oval mede o recinto interior

Do norte ó sul . . . 30 metros.
Do leste ó oeste . . . 45 metros.

A distancia entre os dous recintos é pouco mais menos de 40 metros.

NÓS

OBSERVAZÓNS. — A detida inspección que fixemos do chán de iste castro, foi por completo negativa, non atopando ningún obxeto de intrés arqueolóxico.

FOLKLORE. — Non se chegou a acadar ningún.


BIBLIOGRAFÍA. — Inédito.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas.)

Número VI

OUTEIRO DE SAN MARCOS

EMPRAZAMENTO. — Na provincia de



OUTEIRO DE SAN MARCOS

Ourense, concello da Merca, freguesía de San Pedro da Mezquita e desviado 1 kilómetro ó suleste de iste lugar.

Costruído nun monte de abas poucos pinas. Óllase desde il, a chaira da Rabeda, a sua caída deixa Ourense, e parte do val medio da Arnoia.

DEFENSAS. — O cume que foi aplanado de intento, agás nunha penedía que se ergue cara ó leste, está cinguido por un terrapré de 10 a 12 metros de outo. Unha escavazón recente e bastante fonda, que aparez nun dos seus lados, non deixa ver ningún paramento nin xiquerá pedras soltas, o que nos fai sospeitar se non tería endexamais muros de revestimento.

MENSURAS.

Do leste ó oeste . . . 107 metros.
Do norte ó sul . . . 82 metros.

OBSERVAZÓNS. — Na área fortificada, nin nas suas próximidades, non se ollan, nin pedras labradas nin tegulas. En troques ó

pé do castro e perto de il téñense atopados moitos tellóns e ladrillos romanos.

Iste castro parece ter sido o pai protohistórico da freguesia de San Pedro da Mezquita, asento probabel de unha vila romana, e cuia antigüidade queda amostrada pol-o tumblo de Celanova (I, Ixii) en que aparece unha escritura do 986 ofrecendo ó dito mosteiro un vilal, «*Subtus Sancto Petro de Mezquita, territorio Bulale, sul, Castro Veines*» (véxase Villaamil i Castro, *Iglesias Gallegas*, páxina, 265, Nota.)

Sábese tamén que houbo n-esta freguesia, unha eirexa costruída con anterioridade ó século X e, oxe conta c'un fermoso templo

románico (véx., Arturo Vázquez Núñez, *San Pedro de la Mezquita*, B. de la C. de M. de Ourense, vol., II, pax., 361 e segs.)

FOLKLORE. — Xosé María Rodríguez, natural da Merca e veciño de Faramontaos díxonos que o Outeiro de San Marcos era obra de mouros i-está todo il broqueado (oco) por dentro.

BIBLIOGRAFÍA. — Non sabemos se será iste castro o que Sanxurxo (*Los caminos antiguos y el Itinerario n.º 18 de Antonino en la provincia de Orense*, B. C. M. Ourense, vol., II, pax., 340) chama Castro da Merca.

(Catalogado por Florentino L. Cuevillas).

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

Catro coplas catalanas referentes á Sant-Iago e á Galicia.

N'un artigo de Valerio Serra y Boldú en «La Vanguardia» de 10 do Sant-Iago de 1926 reproduce istas coplas populares catalanas referentes ao «Sant Jaume», que cantan os rapaces na víspera do día en que a cibdá de Lérida conmemora o paso de Sant-Iago por aquellas terras. Son as seguintes:

Sant Jaume ve de Galicia
Sant Jaume ve de Aragó
i a Lleyda va deixar extesa
la fe de Nostre Senyor.

* * *

Sant Jaume ve de Galicia
s'atura al peu del Romeu
li baixen a treure els àngels
una punxa que té al peu.

* * *

Veniu, veniu, fills de Lleyda
veniu tots en professó
que el Sant des del cel vos crida
per dar-vos sa protecció.

* * *

Sant Jaume de re-galicia
Sant Jaume de re-galó
a les dones xacolata
als homes cop de bastó.

Pol-a tr. R. M. L.

O Xogo dos pelouros en Boiro.

Cinco pedrías alisadas, casi sempre de seixo branco das ribeiras e praias son todo o material d'este xogo.

Eiqui se non xoga mais que con cinco, mais n'outros lados varía o número. Por expo, en Noia xogan os pelouros «de a oito» e en Caldas de «a oito» e de «a dez».

Non convén que sexan as pedras moi redondas pol-a facilidade con que se espallan e volan a sitios que dificultan moitísimo o xogo.

Antes que nada é un xogo de axilidade e prontitude.

En xeral—nalgúns lados xógase con 47 figuras—redúcese a botar ó ar un número de pelouros, de cada xogada e namentras non se collen facer cos pelouros que quedan embaixo uns movimentos determinados para cada figura. Por expo, na cuarta figura,

namentres se tiran ó ar dous pelouros faise ademán de barrer coa mau pero sin tocar os tres pelouros que quedaron.

Na figura X mentras non caen os pelouros tirados ao ar hai que pasar pol-a ponte formada pol-o pulgar e anular un dos tres que quedan de cada vez.

Esto en resumen porque dempois cada figura tén unha serie de condicións e algunha é de práctica tan difícil que é casi imposibel o anotala.

É xogo de rapazas. En algúns sitios a que primeiro faga tres xogos—o xogo finase na derradeira figura sin perder en ningunha das anteriores—leva o «xogo de pelouros» da compañeira.

Anque o mais corrente é que somentes sexan duas as que o xoguen tamén, anque poucas vegadas, o xogan de parejas.

Pol-o derradeiro como moitas das figuras é o comenzo mesmo do xogo—para ver quen é o primeiro consiste en botar os pelouros ó ar e recollelos, cantes mais se poidan, no dorso da mau, xa as rapazas se preocupan de dobral-os dedos para atrás co fin de ter boa «cota» ou superficie d'abondo acovada pra que non lle caian os pelouros chegando nalgúns casos a deformarse bárbaramente á mau.

As figuras d'iste xogo eiqui en Boiro, son ou mellor, levan iste nome:

I As primeiras, unha. As primeiras, duas. As primeiras, tres. As primeiras, catro.

As segundas (o mesmo que a anterior).

As terceiras (o mesmo que a anterior).

- | | |
|------|--|
| II | Pido maá, unha. Pido maá, duas. Pido maá, tres. Pido maá, catro. |
| III | As de pide pouso (o mesmo que a anterior). |
| IV | Barre la casa—bien barridita—que hoy o mañana—viene visita. |
| V | Escribe la carta—Señor escribano—una cartita—para mi hermano. |
| VI | Cojo y dejo—la lechuga—para mi conejo. |
| VII | As de palmo—unha, duas, tres, catro, oito—chupa biscoito. |
| VIII | As de cotelo—unha, duas, tres, catro, cinco—mira si chingo. |
| IX | As de puñado, puñado unha. As de puñado, puñado duas, etc., etc. |
| X | As de pasa pontes—unha, duas, tres, catro—chupa meu gato. |
| XI | As de corno (o sesto o mesmo que a anterior). |
| XII | As de couso (o sesto o mesmo que a anterior). |
| XIII | As de pares, pares unha. As de pares, pares duas, etc. etc. |
| XIV | Apálpallo o hovo—apálpallo bén—no cù da galifa—que dentro o té. |
| XV | Pasa bola, pasabola unha, etc., etc. |
| XVI | Chinga a bola—Chingaa bén—Que si non a chingaras—perderías bén. |
| XVII | Pasallo. |

R. M. L.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

Nos días de Páscoa tivo a sua xuntanza anual en Pontevedra, o Seminario d'Estudos Galegos. Concurriron socios de toda Galiza. Nas sesiós públicas, leeron os seus traballos de entrada os Sres. D. Xerardo Alvarez Limeses e D. Xesús Carro, e espuxéronse traballos das Seizóns de Xeografía,

Prehistoria, Etnografía, Catalogazón gráfica, Historia e Cencias Naturais, polos señores Otero Pedrayo, Cuevillas, Risco, Filgueira Valverde, González e Parga Pondal, e na primeira, adicada ó século XVIII, leeronse traballos do Presidente Dr. Cabeza de León e do Dr. Cotarelo.

Nas Sesións privadas, tratouse da reorganización dalgúnhas Seizóns e da creación da Cencias económicas e sociás, da que foi

eleito Presidente D. Asdrubal Ferreiro, e nomeouse unha ponencia composta pol-o Doctor Moralejo, profesor de latin na Universidade Compostelán e pol-o noso colaborador Sr. Couceiro Freixomil pr'estudal-o asunto da unificación ortográfica, en col do qual o Sr. Couceiro leeu un lumioso informe que se pubricou no *Pueblo Gallego*.

Os socios do Seminario visitaron o Convento de Poyo, onde foron moi ousequidos polos cultísimos P. P. d'aquela Comunidade, e foron tamén agasallados pol-o Presidente da Diputación de Pontevedra Sr. La Sota c'un espréndido banquete. Tamén asistiron a un ensaio da Sociedade Coral Polifónica, que en ousequio d'iles, cantou unha das Cántigas de Santa María d'Alfonso X, e outra de Martín Codax. E por fin visitaron no Camposanto as campas do malogrado poeta Lois Amado Carballo e do fillo do gran Castelao, onde se rezaron responsos.

O Seminario estuda n-istes días a creación d'unha Seizón de Pedagogía, na que sabemos han ingresar novos socios. Algunhas da de Prehistoria estiveron tamén nos primeiros días de Maio na terra de Lalín, onde foron mensurados e catalogados perto de vinte Castros. A d'Etnografía prepara un estudo en col das festas do entroido nas aldeias galegas.

RISCO NA AMÉRICA

A revista arxentina *Nosotros*, a mais importante cea das revistas literarias da América do Sul, inserta o documentado traballo que o ilustre escritor arxentino Eloy Fariña Núñez adicou á personalidade filosófica do noso director Vicente Risco, sobre o que fixo unha lumiosa conferencia no Seminario Galego, e que agora da a publicidade na gran revista de Bós Aires.

NÓS sinte por elo unha fonda satisfacción, e comprácese en testimoñiar ó Sr. Fariña Núñez e á revista arxentina que leva o mesmo nome qu'esta, o seu fondo recoñecemento pol-as loubanzas ó labor do noso director.

L I B R O S

JESUS CRISTO EM LISBOA, por
RAUL BRANDÃO E TEIXEIRA DE
PASCOAES.

O gran poeta do *Mardámos* e o gran prosista de *Humus* xuntáronse pra soñaren a esperencia da volta de Cristo. A sublime figura do Salvador aparece primeiro n-unha

casa da aldea, ond'o acollen caridosamente, e despois en Lisboa, pregando ós humildes. Non trai nada novo, non ven innovar; o Jesucristo de Raul Brandão e Teixeira de Pascoaes non é ningunha mistificación, ningunha asimilación arbitraria—tantas veces sacrificada—do Fillo do Home con calquera caste de rebeldes ou reformadores; é o noso Cristo de sempre, o noso Cristo da tradición. E as verdades que programa son as que todos sabemos xa hai vinte séculos: son a Lei d'Amor antr'os homes. Mais pr'apricarmos esa lei coma il quer, teríamos que renunciar á civilización de que nos gabamos. É remarcábel a iste respecto o diálogo dos ministros. O terceiro ministro dí:

—«Ele sonha o amor perfeito, a perfeita humildade, a pobreza, um mundo de pobres e choupanes! Andaríamos seis ou sete mil anos para trás... O mundo, para ser o que é, não pode viver da verdade. O mundo só pode vivér da mentira».

E Jesucristo é de novo crucificado. E despois, volve á casa da aldea onde primeiro estivo. E ò despedirse, remata ainda co-as verbas de sempre; co-as verbas eternas:

—«Amai-vos uns aos outros», *Jesús Cristo em Lisboa* subtítulase «Trágico-comedia em sete quadros»; ten forma dramática. E mais ben un poema dialogado en prosa, feito probabelmente sen intención escénica. A sua sinxela grandeza devasa sen dúbida as posibilidades do teatro práutico.

Obra fonda, a un tempo de fé idealista e de sátira, mais human que social, sobria de expresión, de ningún xeito declamatoria, eloquente sen recursos verbais, sen *latiguillos* nem frases retorneadas e sentenciosas, que s'impón sinxelamente pol-a forza do espírito, ispida com'unha espada.

DOS DIAS EN ORENSE, por
ALVARO MARÍA DE LAS CASAS.

Hai tempo demos notiza d'unha conferencia que co mesmo tíodo pubricou o noso querido colaborador. Esa mesma conferencia moi aumentada, con datos novos, e co-a mesma exposición pintoresca, evocativa de belas lembranzas do tempo vello, cando Ourense era mais Ourense, e sobre todo, mais *senhor* do que hoxe é, cando tiña aquil caraute qu'agora vai perdendo d'un xeito alarmante, despoxado cada día, non xa de tipismos, senón tamén de moimentos—digao a eirexa de San Francisco, non trasladada, coma dician, senón refeita d'un xeito moi diferente de como era, e conservando apenas unhas pedras da antiga—aparez agora nun volume de perto de 200 páxinas, avaliado con fermosos foto grabados coor sepia, que Alvaro Casas escoilleu con gran senso artístico, moitos dos

quales cecais señan dentro de poucos días documentos históricos—algus xa o son, com'a folla d'un incunáculo da Biblioteca provincial—. O noso parabén ó infatigábele traballador Alvaro Casas.

V. R.

GRAFÍA GALEGA, por Fuco G. Gómez, Habana, 1927.

O noso querido compatriano Fuco G. Gómez, gran patriota galego a quien debe moito a causa de Galiza na colonia da Illa de Cuba, fixo un verdadeiro esforzo por escrancel-a grafia do noso idioma, con documentación gramatical—de gramática normativa—e pedagógica. Fixo un libro de caraute esencialmente práutico, detallado e ilustrado con toda caste d'exemplos e modelos no que se poida deprender a falar e escribir o galego. Sen estarmos conformes en todos os puntos co-a grafia que propón, nin tampouco c'algúnhas das formas verbás qu'empregá, non deixamos de considerar importante o seu traballo. Cuasementes, cand'iste asunto da grafia estase debatendo tanto eiqui, é ben chegado iste libro, pra que todal-as opiniós señan escotadas e se tome en conta o que teñan d'atino.

S. N.

TRÍPTICO, por ANTÓN VILLAR PONTE, A Cruña, NÓS, 1928.

CONTÉN tres obras de teatro diversas, duas d'elas representadas, e que se refiren a tres aspectos importantes da vida galega: *A Patria do Labrego*, do caciquismo; *Almas mortas*, da emigración; *Entre dous abismos*, do contuento da i-alma galega co alén da vida, co-as forzas escuras descoñecidas que moven o mundo... O pensamento sempre agudo, sempre atinado d'Antón Villar Ponte, vai ferir nas tres no corazón do asunto. A primeira ollada pode semellar que na *Entre dous abismos* non deu co fondo tráxico, e que se pode dicir d'ela o qu'algún dixera do *Wilhelm Meister* de Goethe: «*le merveilleux y perit*», mais non hai tal. Precisamente, o non haber miragre, é que si ben se mira, fai a traxedia mais fondamente terribel, porque o miragre e o espanto foi interior. Tocantes a *Almas mortas* contén unha demasiado tráctica verdade que doe ben adentro no curázón de Galiza: a traxedia do trabucamento radical e definitivo de tantos «malhechores del bien» com'América nos devolve. Verdade que ninguén s'estreverá a dicir si Antón Villar Ponte nona dixera co-a sua valente sinceiridade patriótica.

S. N.

OS CAMIÑOS DA VIDA, por RAMÓN OTERO PEDRAYO, A. Cruña, NÓS, 1928.

PUBLICOUSE o pirmeiro volume d'esta qu'algún dixo pirmeira gran novela galega. *Os camiños da vida*, é unha chea revelazón do noso compaño Otero Pedrayo, que poderíamos tamén chamar, principalmente pol-o método especial que segue o seu pensamento, o noso gran neorromántico. Ata nas discipriñas que cultiva fundamentalmente—a xeografía e mail-a historia—revélase o seu temperamento d'intuitivo que *siente* a terra e *siente* o agrupamento humán e a criación cultural coma revelazón d'unha alma, e além das formas e dos feitos, prende no senso fondo que levan. Otero Pedrayo posee outamente o senso da vida.

Agora principia esta novela—en col da que xa hai abundosa literatura, que motivou xa incruso un estudo filolóxico, e da qu'ainda han falar mais—na que presenta o desenvolvo social de Galiza no século pasado d'un xeito vivo e cheo d'emoção tráxica. Antón Villar Ponte fixo notar qu'o ambiente no que se desenvolve esta pirmeira parte da novela, *Os Señores da Terra*, é o mesmo d'onra Valle-Inclán tirou por eixemplo *Romance de Lobos e Aguila de Blasón*. Mail a diferenza é tan fonda antr'as duas maneiras de tratalo, que non hai semellanza ningunha. En *Os Señores da Terra*, todal-as forzas escuras da terra e da raza fanse case visíbeles, en persoaxes de forte e enxebre realidade que non son simpres símbolos, nin héroes poemáticos. Un mundo inteiro de cousas enormes, de construcións sociás calculadas pr'a eternidade, qu'impoñen e meten respeito, cai e afundese antr'a muda sorpresa ou a incoscencia da xente da aldea, envolta n'unha contenda que lles non intresa directamente e que pon o seu heroísmo ó servizo de potenzas lonxanas das que non ten mais qu'unha vaga ideia. É a terra, a nai calada e sempre boa, segue dando a sua colleita recendente de pan e viño, qu'oferce en comunión ás almas ainda inxenuas e sinxelas alumeadas pol-a tradición.

Libro de sensibilidade e de sabencia, libro de forza reposada, d'estilo quente e vidente, familiar e poemático; de ton señoril e fidalgo e lingoaxe popular e folklórico, ond'o espírito devasa todal-as normas, pra deitar abondoso, enchendo de presentes ó leitor, que sai da leitura rico d'ideias e con novas fiestras abertas á emoción. Estilo enrequentado d'ímagens novas, sorprendentes, d'unha mestranza pictórica pr'a paisaxe verdadeiramente extraordinaria.

A novela ten esceas tan fondamente tráxicas com'o afusilamento do abade e a escea

final en qu'a maorazga vai pidir pan ó seu pai qu'está na casa da querida. A descripción da vendima no Quintairo é un dos mais fermosos cadros aldeás que se teñen escrito e a pantesía do Excaustrado en col do orixe do mosteiro d'Oseira é dina dos soños de Pondal.

Cand'estas liñas saian ó público, acharase xa nas tendas a segunda parte de *Os camiños da vida: A maorazga*, e non ha tardar a terceira. O Dr. Bierer, profesor d'idiomas n'Ourense, ten mentes de traducil-a obra ó alemán.

R.

LETRAS D'AFORA

THOMAS HARDY

MORRE o derradeiro gran escritor da era victoriana. O retrato, tamén vello, de J. E. Blanche garda a outeira amargurada do que confeceu o trunfo da novela «lonxe da moitedume tola» e gostou o pracer do escándalo de «Xudas o escuro» e dos poemas *Panthera* o centurion, e «A Lausana no xardín de Gibbon». Despreciou seu tempo pra pecharse na verde soedade do Wessex. Foi o artista d'un cantón. Esforzouse, il o saxón como Kipling, en conquerilo á Celtia. Bonito tema pra un ensaio: os ingleses estranos, inda un pouco estranos, na sua illa. Pois hai cousas que lle fuxen na campía supercivilizada. Choutan as fadas pol-as brancas barreiras das pelouses sportivas. D'eíqui quizais a paixón pol-o viaxe, xa notada por Eneas Silvio Piccolomini. Pra voltar mais donos de mundo. (O planeta é un campo de caza dos saxós) di un persoaxe de A. Maurois) e pecharse tranquilos na casita quente. Foi na mocedad un distinto arquitecto. Tamén Paul Valery sabe de memoria o Diccionario de Viollet-le-Duc e esquirbiu un diálogo platónico. Eupalinos, o arquitecto de Megara. Un poema de Hardy en lembranza:

«Probe pelengrino» di o céo de chumbo, eu ben quixera alomearte mais as leises que gobernan os aires non m'o permiten.

**

«Eu non quixera xiarte, ou ti qu'estas nú, berra o inverno», si soupera o xeito de quentar meu sopro e moderar os meus pasos, mais ó igoal que ti, eu obedezo á leises».

**

«Mañán eiche atacare, probe ser, di a

Doenza, contudo xírote que non teño contra ti xenreira nin maldade; ordeaseme qu'entre en ti».

**

«Chégate a min, meu fillo, di a Morte, eu non quixera que a coba puxera hoxe remate ó teu camiñar, mais tamén eu son escrava».

**

«Entón sorrimonos e a vida foime menos dura que a forma cruel que tiña dinantes qu'elles houveran confesado a sua pasividade».

O PREMIO GOETHE

INDA hai en Xermania paisaxes non mordidos pol-a mecánica. N'eles pasea Stefan George traballando poemas fondos e densos nos que apenas s'aduvíña—sendo a sua traxedia inicial a arela pra conquerir unha armonía que non desprece ningunha cousa. A vila de Francfort concedeuole o premio Goethe. Vai vello. Vai chegando quizais as portas da armonía. Soilo forón episodios o «Das Buch des hän genden Garten» (o misterio oriental que chama tanto os conqueridores com'os poetas) e os dous libros «Der Krieg» e «Drei Gesänge (a voluntade de poder, terribre tentación dos solitarios—). Como Rilke ollou por riba dos marcos (a marka e gurreira na Xermania) e traduxo e Uonetti, Mallarmé, Baudelaire, Swinburne. Gozou do silencio. Aixiña se falará moito d'il, cando a popularidade e a críteca non'o estorben.

PAYSAGES ET PROBLEMES GEOGRAPHIQUES DE LA TERRE AMÉRICAINNE, por DOUGLAS JOHNSON

FAI pouco un Xeografo descobriu no Oregón un rebaño fósil. Grande parte da América do Norte garda arquivos xeolóxicos tan ordeados com'as tabretas babilónicas. É unha paisaxe colecciónista. Por algo ali se inventaron os Parques nacionais. Volcás fosiles, anatomía perfeita da estratigrafía gardada na enxoiteza do aire com'os fetos nos museus médicos. D'un xeito xeneral pódese falar da xeografía filosófica da escola alemana e da naturalista dos americanos, asegún o matiz do método. Sueso e Davis. Ista conferencias de Johnson presentan os paisaxes coñecidos (o Niagara, os caños do Colorado, etc) tratados c'a finura que eisixe o desenrollo d'un ser vivente.

VIRIATO, por ADOLF SCHULTE, traduzón portuguesa de Alfredo Ataide, c-un prólogo do Prof. Mendes Correa. «Edición da Renascença Portuguesa», Porto.

EMPEZA c-unha comparanza da figura militar e política de Viriato cas de Arminio, Vercingetorix, Tacfarinas, Decebalo, Punico, Caro, Retógenes e outros nemigos da dominanza romana. Segue un capítulo de Fontes e outro destinado á Lusitania e mais ós lusitanos.

Estuda despois a mocedade de Viriato e as primeiras loitas dos lusitanos cas lexións, pra entrar deseguida no esame das guerras viriáticas relatando a batalla contra Vetilio en Trébula que fixo o heroi lusitano dono da Bética.

Prosigue logo ca localizazón dos lugares dos combates con Claudio Unimano, C. Vigidio e con Serviliano que coloca na Bética e na Carpetania e remata no capítulo tidoada *O fin*, estudiando os derradeiros instantes de Viriato e da sublevazón lusitana.

Ó xeito de apéndice fai uns comentarios en col da estratexia de Viriato, da sua persoalidade e da sua sona.

Alcóntrase escrita ista monografía con ton de seguridade propia do Schulten e cas suas características habelencia e soltura no maneexo e interpretación das fontes literarias.

É inútil decir que pr'o ilustre profesor de Erlangen queda por compreto fora do teatro das guerras viriáticas e que os Montes Herminios identificanse ca Serra da Estrela, en Portugal.

F. L. C.

MORS AMOR, por ANRIQUE Paço d'ARCOS.

ANRIQUE Paço d'Arcos é un gran poeta. É díño de remarcar coma nos nosos días volve a sensibilidade adonarse da poesía, que ainda hai pouco desbotábase, e de que xeito os poetas que ficaron fieis a ela namentral-los outros s'entretiñan buscando cinco pés ó gato, volven entrar de cheo no actual, ata o punto de tragueren á i-alma do que os lee a sorpresa e a ledicia d'un reencontro. Atal acontez con Anrique Paço d'Arcos, que sigueu imperturbábel, novo Merlin, encantado no Broceliande interior da Divina Tristeza, onde os arbres, a noite, as nubens, a lúa, son revelacíos d'un ultramundo xa realizado na sua i-alma en saudade infinita e eterna.

A poesía d'iste saudosista da mais nobre tradición, é pura fonte a deitar armonias de mística vaguedade nas qu'o ensoulo corporifízase. Coma Teixeira de Pascoaes, a quem tanto s'imita en tantas cousas, Paço d'Arcos está cheo d'un senso panteísta, case animis-

ta, da natureza; é un místico que vive os mitos e as visiós adentro do propio eu. A sua poesía ten un fondo filosófico non intencional; un fondo filosófico que surde da visión poética, en lugar de ser com'a dalgú, filosofía versificada. Eiqui é a inspiración verdadeira a facerse pensamento e revelación lúcida de verdades ás que somentes chegan os poetas. Anrique Paço d'Arcos veunós confirmar unha vegada mais esta fé qu'algústivemos sempre e conservamos celosamente, na potenza inmorrente da poesía.

A carón d'esto, todal-as outras notas críticas de clasificación d'escola, precedentes, infuencias, etc., pasan a un plan inferior, e non teñen xa a importancia que nos poetas menos poetas. Anrique Paço d'Arcos é un poeta espontáneo, embora sexa refinadamente culto, e na sua expresión, a intimidade interior xúntase co senso da natureza. Saurosita e naturista. V. R.

LA RUTA AVENTURERA

por JULIO SIGUENZA, Montevideo, 1928.

O poeta dos *Agros Celtas*, e de tan fermosas poesías galegas, unha das cabezas do movemento galeguista na América do Sul, envíanos iste novo libro, moi louvado xa na imprensa d'aquén e d'alén Atlántico, no que se mostra ainda poeta tradicional, rexia ponla verdecente e frótila no vello pé da poesía de todolos días. Invoca ó vello abó que sabe de todolos vieiros e prégalle: «Extiende el dedo sobre de mi joven destino, y marca el horizonte lejano del camino que patrocine toda mi Ruta Aventurera.»

E logo veñen poemas da vida e do camiño: *La Ruta Aventurera*, *Pinos en la ruta*, *Los ciegos del camino*, pra rematar nos oito sonetos *De la serenidad*, os dous derradeiros dos quales lembran os do Cabanillas no *Sono dourado*, ó frente de *Vento mareiro*. Poeta eminentemente subxetivo que fai poemas co-a esperencia sentimental, longamente sedimentada, de toda a sua vida, o qual dá os seus versos unha nobre expresión de soave e tranquila tristura.

Na derradeira parte do libro, *Otros poemas*, despois de novos versos que siguen o filo espiritual do corpo do libro, veñen os anuncios da poética nova co-a sua ironía doada pra todal-as cousas. De certo, istes *Otros poemas* son ben do mesmo feixe que os outros: sempre o poeta sentimental amóstrase, ainda no esmigullamento dos versos monosílabicos. S. N.

N. da 1.— Nas liñas 8.^a e 20.^a da 2.^a columna, da páxina 112 onde por erro de caixa puxouse Cardenal Payá, débese ler CUESTA.

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia
LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada.

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida
por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura
Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO - PROCURADOR

CANTÓN PEQUENO, 1 (OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Axiña aparecerá

O porco de pé

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicifás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa
ademas de ser o mellor é un
producto galego que nos
honra no mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Drogueirías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagós-camas de
todol-os trés

Estas augas, de sona universal son o reme-
dio enxebre e eficacísemo

cand'un quer combater o
Artritismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-
dades diversas, doenças do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente**

MONDARIZ-BALNEARIO Áchase á 35 Km. de VIGO